

Servizo de Normalización Lingüística

Asunto: solicitude de inicio de procedemento de contratación temporal de técnico de normalización lingüística

O BOP de data 19 de maio de 2022, número 94, publica a resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FONL : convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2022. Por esta resolución concédeselle ao Concello de Ferrol 15.000,00 euros para o reforzo do servizo de normalización lingüística, cun coeficiente de financiamento do 0,80.

De conformidade coas bases reguladoras de subvencións provinciais de concorrencia competitiva da convocatoria FONL, o gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

A documentación que se debe presentar para xustificar conforme coa base 9 é a seguinte

(...)

9.3.2 Certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría da entidade local, dos pagos realizados ao persoal técnico de normalización lingüística entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro que indicará para cada persoa traballadora e mes: o importe bruto da nómina, o importe da seguridade social con cargo á entidade local ademais da declaración de contar co consentimento expreso da persoa traballadora para ceder os seus datos persoais, requiridos para a xustificación, á Deputación da Coruña.

O período, xa que logo, de contratación financiada pola subvención non excede do 31 de decembro

Segundo a base 9.3.2 No caso de que por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a subvención durante toda a anualidade, o importe que ha percibir por día traballado é equivalente ao resultado de dividir o importe da axuda entre 365.

A base 9.4 Tramitación da xustificación establece:

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

1 No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

2 No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, mais do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.

3 No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

Dado que a concesión de **subvención definitiva se publicou o 19 de maio de 2022** e a proximidade do período vacacional do persoal encargado da tramitación deste expediente, a inexistencia de persoal para substituír a quen debe tramitalo, o período que resta para tramitar e facer efectiva a contratación limítase de tal maneira que, **de non axilizar a contratación o gasto pode ser inferior ao 100% do orzamento e, polo tanto, perderíase a subvención.**

Desde o departamento de Normalización Lingüística tramitouse a solicitude de xeración de crédito da dita subvención

Por todo isto e co obxecto de garantir o reforzo do servizo de normalización lingüística, darlle cumprimento ás obrigas recollidas nas bases reguladoras da subvención de concorrencia competitiva da Deputación da Coruña FONL exercicio2022 e non perder a subvención concedida propóñolle o seguinte procedemento:

1 Realizar a oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego de Galicia a través da oficina de emprego Ferrol-Centro da Xunta de Galicia coa solicitude de candidatura.

2 Realización da selección da persoa técnica en normalización lingüística de conformidade co procedemento proposto e coa baremación que se achega no anexo I.

3 O réxime de contratación será como persoal laboral temporal a xornada completa dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro de 2022.

Técnica de normalización lingüística
Beatriz Bascoy Maceiras

Conforme
Concelleira de Normalización Lingüística
Cristina Prados Rubios

Anexo I

Proposta técnica para a selección de persoal para a contratación temporal de persoal de reforzo do servizo de normalización lingüística ao abeiro da subvención da Deputación da Coruña concedida ao Concello de Ferrol pola resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FONL2022

Propóñense dúas fases :

Fase 1: baremación de currículo ,máximo 8 puntos

Fase 2: entrevista persoal, máximo 2 puntos

<p>Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo</p> <p>Requisitos de titulación: Licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués); grao en Lingua Galega, ou titulado en calquera outra licenciatura/grao sempre que dispoña do Celga 5.</p> <p>Requisitos de puntuación: Currículo: 8 puntos Acadar unha puntuación mínima total no currículo de 3 puntos</p>	<p>Máximo 8 puntos</p>
<p>Primeira fase: baremación curricular</p> <p>A) Experiencia profesional que se deberá acreditar a través de contratos de traballo nos que figuren o desenvolvemento dunha ocupación igual ou similar á requirida. Achegarase informe da vida laboral. Cando se trate de colaboracións ou bolsas, acreditarase coa certificación de organismos oficiais na que deberá constar o tempo de realización e , de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.</p>	<p>Máximo 4 puntos</p>
<p>1) Por servizos prestados na Administración local:.</p> <p>2) Por servizos prestados en calquera outra Administración ou entidade pública</p> <p>3) Por servizos prestados na empresa privada.</p>	<p>0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados 0,08 puntos por cada mes completo de servizos prestados. 0,05 puntos por cada mes completo de servizos prestados</p>

<p>B) Mestrados ou cursos de formación profesional, sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto*, impartidos por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou organismos públicos.</p> <p>Non serán valorados os cursos de menos de 15 horas. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a súa duración; de non figurar, entenderase que teñen menos de 15 horas e polo tanto non serán valorados. Os títulos e diplomas ou certificados de cursos acreditaranse mediante a achega da súa fotocopia. Valoraranse da seguinte forma:</p>	<p>Máximo 4 puntos</p>
<p>1) Por cada curso de 15 horas ou máis e menos 45 horas:</p>	<p>0,10 puntos.</p>
<p>2) Por cada curso de 45 horas ou máis e menos de 100 horas.:</p>	<p>0,20 puntos</p>
<p>3) Por cada curso de 100 horas a 200 horas:</p>	<p>0,30 puntos.</p>
<p>4) Por cada curso de máis de 200 horas</p>	<p>0,50 puntos</p>
<p>Fase 2 Entrevista persoal</p> <p>Pasarán a esta fase aquelas persoas que, cumpridos os requisitos obrigatorios, acadasen un mínimo de 2 puntos na fase A, de valoración curricular.</p> <p>Máximo 2 puntos</p> <p>A Comisión seleccionadora realizará unha entrevista curricular a todos os aspirantes coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo. A Comisión preguntará sobre aspectos do currículo así como cuestións relativas ás funcións a desempeñar no posto de traballo, a súa actualización de coñecementos e o coñecemento do municipio, e poderá outorgar ata un máximo de 2 puntos.</p>	

**Tarefas relacionadas na base 3.2 do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos, agrupación de concellos Mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística de 2022 (Convocatoria FONL 2022)*